

PLAN ANUAL DE LECTURA (PAL) CURSO 2023-2024

0.-INDICE.....	0
1.- INTRODUCCIÓN.....	1
2.- ANÁLISE DA SITUACIÓN DA LECTURA E ESCRITURA NO CENTRO.....	1
3.- OBXECTIVOS.....	2
4.- ACTIVIDADES, ESPAZOS E TEMPORALIZACIÓN.....	3
5.- METODOLOXÍA DE TRABALLO.....	8
6.- RECURSOS.....	9
6.1.-Biblioteca Escolar.....	9
6.2.-Ludoteca.....	9
6.3.-Biblioteca de aula.....	10
6.4.-Biblioteca persoal.....	10
6.5.-Recursos persoais.....	10
6.6.-Recursos externos.....	11
7.- INTERVENCIÓNS A REALIZAR.....	11
7.1.-O EQUIPO DA BIBLIOTECA.....	11
7.2.-PROFESORADO.....	11
8.- AVALIACIÓN.....	12

1.- INTRODUCCIÓN

Os obxectivos do Plan Anual de Lectura do CEIP Plurilingüe da Ponte do Porto para o presente curso escolar son:

- Elevar o nivel de comprensión lectora do noso alumnado.
- Fomentar o hábito lector
- Contribuir ao desenvolvemento das **competencias clave**, en particular:
 - o Competencia en Comunicación Lingüística.
 - o Competencia Plurilingüe.
 - o Competencia Dixital
 - o Competencia en Conciencia e expresións culturais.
 - o Competencia Emprendedora.
 - o Competencia Persoal, Social e Aprender a Aprender.

2.- ANÁLISE DA SITUACIÓN DA LECTURA E ESCRITURA NO CENTRO

No que atinxe ás destrezas lectoescritoras, obsérvase que unha parte do alumnado precisa aumentar o nivel de competencia lectora e de vocabulario, contribuíndo a diminuír:

- Falta de interese pola lectura.
- Falta de atención
- Falta de vocabulario
- Dificultades ortográficas

Estas dificultades tamén influen á hora de buscar de información de xeito autónomo, tanto empregando materiais impresos como dixitais.

3.- OBXECTIVOS

O alumnado deberá ver a lectura como unha actividade lúdica, divertida e enriquecedora, polo que dende o centro habilitaranse espazos acolledores e tranquilos que inviten a ler, respondendo aos avances da sociedade actual.

OBXECTIVOS XERAIS:

- Contribuir á adquisición das competencias clave.
- Favorecer o gusto pola literatura.
- Fomentar o pensamento crítico
- Fomentar o hábito de lectura.
- Adquirir técnicas e destrezas para o tratamento da información en diferentes soportes.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Fomentar o hábito da lectura cultivando o gusto e o placer de ler.
- Despertar no alumnado a sensibilidade literaria-
- Crear un ambiente propicio que favoreza o hábito lector.
- Seleccionar recursos adaptados á idade do alumnado co propósito de amellorar a comprensión lectora.
- Mellorar a expresión oral e escrita.
- Previr as dificultades lectoescritoras.
- Facilitar a aprendizaxe autónoma educando no acceso á información.
- Propiciar o desenrolo das capacidades básicas e da autonomía suficiente para usar os recursos e sevizos existentes.
- Promocionar a Biblioteca Escolar como un centro de documentación e como ferramenta de traballo imprescindible.
- Apreciar e valorar as súas creacións e as dos demais.
- Dar a coñecer diferentes soportes documentais.
- Garantir a boa utilización dos recursos existentes.
- Implicar ao profesorado, familias e alumnado en campañas e actividades propostas pola Biblioteca Escolar.
- Colaborar con outros centros educativos e coas bibliotecas públicas dos concellos limítrofes.

4.- ACTIVIDADES, ESPAZOS E TEMPORALIZACIÓN

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE	ESPAZO	DESTINATARIOS	TEMPORALIZACIÓN
Creación da Biblioteca de Aula	Aula	Todo o centro	1º Trimestre
Visita guiada á Biblioteca Escolar	Biblioteca Escolar	Todo o centro	1º Trimestre (Outubro)
Enquisa para coñecer os hábitos lectores e de uso da B. E.	Aula	Cursos: 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria	1º Trimestre
Catalogar libros da Biblioteca de Aula coa axuda da Guía da B.E.	Aula / Biblioteca Escolar	3º, 4º, 5º, e 6º de Educación Primaria	1º Trimestre
Conmemorar o Día das Bibliotecas e o Día Internacional da B.E.	Biblioteca Escolar Aulas Corredores	Todo o centro	1º Trimestre (finais de Outubro)
Maleta literaria	Biblioteca de aula	Todo o centro	Novembro-Decembro
Inicio do préstamo	Biblioteca Escolar	Todo o centro	1º Trimestre (Outubro) ata finais do 3º Trimestre

<p>Seleccionar libros, páxinas Internet e outros materiais que se relacionen co Halloween, Magosto, Nadal, Entroido, Día da Paz...</p>	<p>Biblioteca Escolar Aula Informática</p>	<p>Todo o centro</p>	<p>Todo o curso</p>
<p>Continuación do recuncho no patio exterior e interior de lectura.</p>	<p>Patio</p>	<p>Todo o centro</p>	<p>Todo o curso</p>
<p>Realizar actividades de educación documental</p>	<p>Biblioteca Escolar</p>	<p>Todo o centro</p>	<p>Todo o curso</p>
<p>Campaña de Nadal</p>	<p>Biblioteca Escolar. Aula</p>	<p>Todo o centro</p>	<p>1º Trimestre</p>
<p>Club de lectura (solicitud este curso)</p>	<p>Biblioteca Escolar</p>	<p>Educación Primaria (4º,5º e 6º)</p>	<p>Todos os trimestres</p>
<p>Ler en voz alta, narrar historias. Narrar historias con imaxes</p>	<p>Biblioteca Escolar Aula</p>	<p>Todo o centro</p>	<p>Todo o curso</p>
<p>Presentar libros</p>	<p>Biblioteca Escolar Aula</p>	<p>Todo o centro</p>	<p>2º Trimestre</p>

Crear historias	Aula	Todo o centro	Todo o curso
Encontros con autores/as e/ou ilustradores	Aula de Usos Múltiples	Todo o centro	2º ou 3º Trimestre
Sesións de animación á lectura	Aula de Usos Múltiples	Todo o centro	3º Trimestre
Celebrar Semana da Poesía	Biblioteca Escolar Aula	Todo o centro	2º Trimestre
Fixar datas co motivo de celebracións para ler uns a outros	Biblioteca Escolar Aulas	Todo o centro	Todo o curso
Ler en familia Mochilas viaxeiras.	Aula Casa	Todo o centro en colaboración coas familias.	Todo o curso
Actividades para celebrar en abril “o mes dos libros”	Biblioteca Escolar Aulas Corredores	Todo o centro	3º Trimestre

Participación nas campañas promovidas dende outros organismos (Xunta, Concello, outros centros...)	Biblioteca Escolar Aulas	Todo o centro	Todo o curso
Participación na elaboración da revista escolar O Allo.	Aula	Todo o centro	1º, 2º e 3º Trimestre

ACTIVIDADES REALIZADAS POLO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA

- Organización e adaptación dos fondos da B.E. con un deseño axeitado e atractivo para o alumnado.
- Colocación de etiquetas seguindo patróns de cores, diferentes para cada ciclo (como se dixo anteriormente).
- Rexistro informatizado dos materiais da biblioteca escolar.
- Elaboración de materiais diversos: fichas de libros, guías de lectura, separadores...
- Adicar tempo de lectura todo o colexio: HORA DE LER (lectura individual, silenciosa, durante 20 minutos cada día).
- Lecturas semanais na biblioteca, no recreo, por alumnado do centro, baixo a supervisión do encargado/a da biblioteca.
- Continuar co servizo de préstamo semanal.
- Continuar coas mochilas viaxeiras.
- Realizar todo tipo de actividades de animación á lectura, visita de autores, contacontos, talleres de creatividade, obras de teatro...
- Importancia da educación documental: capacitar ao alumnado para que sexan capaces de buscar información, lela e seleccionar a máis relevante, resumir e esquematizar, reescribir e confeccionar o seu traballo.

Para a consolidación de hábitos de lectura é necesario tempo e constancia, xa que a lectura non é só unha técnica, se non un medio de comunicación e un acceso á información; por iso se debe ter presente todas as ocasións posibles para animar a ler.

Este curso dende a biblioteca escolar solicítase, coa aprobación de Claustro e Consello, o Proxecto Club de Lectura para o alumnado de 4º,5º e 6º de EP.

Ademais das actuacións expostas anteriormente, tamén hai que destacar:

ACTIVIDADES DENTRO DA AULA E NAS TITORÍAS

- ED. INFANTIL: dar a coñecer ao alumnado a existencia da biblioteca, sensibilizar sobre o seu uso e propostas de actividades lúdicas. Durante este curso presentarase ao alumnado unha mascota de peluche "Xiana" para motivar aos nenos/as.
- ED. PRIMARIA, 1º e 2º: promover o uso da biblioteca como un lugar de recursos e de lecer; lecturas colectivas para traballar a atención, a comprensión lectora, realizar debuxos e actividades relacionadas coa idea principal da lectura ou fichas do libro. Sempre se lle recomendará ao alumnado comprar algún libro para ler na clase e facer actividades a través del.
- ED. PRIMARIA, De 3º a 6º: nas clases de lingua castelá e galega faranse lecturas e actividades relacionadas co tema que se estea traballando. Tamén se recomenda a compra dun libro.

Funcionan as **bibliotecas de aula**: que contan con libros da B.E. e/ou libros que o propio alumnado trae da casa. O período de préstamo é dunha semana.

ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS

Para posibilitar ambientes lectores necesitamos fixar espazos e tempos que os propicien. Para garantir a lectura do alumnado, todos os días haberá un tempo de lectura diario de 20 minutos: **HORA DE LER**, neste período poden realizarse actividades de lectura individual ou en voz alta, así como tarefas relacionadas coa lectura e os libros. Ademais, a **BIBLIOTECA** ofrecerá unha hora semanal a cada curso para visitala co titor e facer actividades nela.

Continuación do recuncho de lectura de Xiana no patio exterior e interior.

O **horario da B.E.** funciona dende o mes de outubro ata finais de curso, fixando o último día de préstamo a finais do mes de maio. A biblioteca será

atendida polos membros do equipo de biblioteca e os empréstitos serán realizados polos titores de cada aula.

Os nenos e nenas de 5º e 6º curso de primaria normalmente colaboran durante o recreo en quendas de 4 alumnos/as, axudando a colocar e dando indicacións aos usuarios.

5.- METODOLOXÍA DE TRABALLO

Ao longo de toda a etapa de Educación Infantil e Primaria o obxectivo principal é a aprendizaxe da lectura comprensiva e acadar o desenvolvemento da expresión oral e escrita, así como o desenvolvemento das capacidades para o tratamento da información.

Para acadar estas finalidades, no PALE propóñense:

- Actividades e estratexias lectoras que inclúan os distintos procesos lectores para todos os niveis.
- A lectura en todas as áreas do currículo.
- A selección de textos axeitados para cada nivel das etapas.
- Actividades de preescritura e prelectura.
- Actividades de animación á lectura para cada curso.
- Crear a necesidade e o gusto de comunicarse a través da lectura e a escritura.

O alumnado contará cunha oferta variada de todo tipo de libros que elixirá en función do seu gusto, intereses e capacidades. Tamén terá diversos tempos para ler. Así mesmo, teranse en conta todos os tipos de escritura que se poidan traballar e producir:

- Persoal (diarios, axendas, recordos...)
- Funcional (cartas, solicitudes, felicitacións e invitacións...)
- Creativa (contos, poemas, cancións....)
- Expositiva (noticias, instrucións, entrevistas...)
- Persuasiva (anuncios, eslogan publicidade...)

É importante que, partindo da tradición oral e da poesía, se fagan recompilacións e producións propias.

O ambiente lector será o máis activo posible e, sobre todo, participativo.

6.- RECURSOS

Para acadar os obxectivos propostos empregaranse os seguintes recursos:

6.1.-Biblioteca Escolar

Este espazo está a funcionar dende o ano 1998 como centro de recursos que provee ás/os titoras/es, especialistas e a todo o alumnado de ferramentas indispensables para o apoio curricular.

Para facilitar esta tarefa a biblioteca escolar está informatizada e leva a cabo o servizo de préstamo e catalogación, á espera da implantación do novo programa Koha, a través do programa MEIGA empregando o sistema de clasificación CDU, cun código de cores por ciclos:

VERMELLO: Educación Infantil.

AZUL: primeiro ciclo de Educación Primaria.

AMARELO: segundo ciclo de Educación Primaria.

VERDE: terceiro ciclo de Educación Primaria.

Para os libros de lectura empréganse as seguintes letras na sinatura:

Na narrativa;

Te teatro;

Po poesía

Co cómic.

A Biblioteca Escolar conta cun ordenador con conexión a internet, impresora, mesas, sillas, alfombras, coxíns, estanterías, expositores, fondos bibliográficos en diferentes soportes (audio, vídeo, papel). E anualmente, amplia os seus fondos entre un 5 e un 10% do orzamento do centro.

6.2.-Ludoteca:

A ludoteca está situada na planta baixa e ten acceso directo dende a entrada principal. Foi inaugurada a finais do curso 21/22, despois da reforma levada a cabo en colaboración co Concello de Camariñas na antiga casa do conserxe.

Este recurso está a disposición do profesorado e do alumnado en horario lectivo de 9:30 a 14:30 horas.

Os martes, mércores, xoves e venres permanece aberta e atendida polo profesorado de garda de 15:15 a 17:15 horas para o alumnado que asiste ás actividades extraescolares ou para as familias que precisen conciliar a vida laboral e familiar.

Este espazo conta con zonas diferenciadas como a de consulta, a de lectura e traballo, de robótica, o recuncho TIC, de experimentación, de cine ou de xogos. Cada zona dispón de recursos adaptados ao alumnado en función das idades. Así, na zona TIC conta con 4 ordenadores portátiles con conexión a internet e cascos para o alumnado, ademais dun ordenador de sobremesa para o profesorado e para a catalogación dos fondos.

Na zona de robótica, poden xogar e aprender con robots como a Bee Bot, o Escornabot ou Ratos, nunha mesa adaptada con puffs. E na de experimentación, poden observar e analizar diferentes minerais, mostras...

A zona de lectura e traballo está amoblada con estanterías, mesas e cadeiras para que nela se podan realizar traballos cooperativos, de lectura, deberes...

Para que o alumnado se relaxe e xogue de forma tranquila, está habilitada unha zona con alfombras, coxíns e sofás, na que poder ver tranquilamente unha película, escoitar música ou xogar con diferentes xogos mesa, panel vertical de LEGO...

6.3.-Biblioteca de aula:

Con este espazo, contribuímos ao Plan Anual de Lectura permitindo ao alumnado empregar os fondos dispoñibles na aula dunha forma autónoma.

Para poder conseguilo, cada aula conta con libros variados, revistas, xornais, comics... adaptados á súa idade, que xunto con material funxible permite a realización de tarefas escolares, a relaxación e o desenvolvemento de técnicas de lectura e escritura.

Os traballos realizados na aula poderán pasar a formar parte da Biblioteca de Aula ou da Escolar.

6.4.-Biblioteca persoal:

Para favorecer a motivación pola lectura, dende o centro anímase ao alumnado e ás familias a crear a súa propia biblioteca persoal, con aqueles títulos ou coleccións que máis lles interesen.

6.5.-Recursos persoais

O Equipo de Dinamización de Biblioteca, o presente curso escolar, está integrado polo seguinte profesorado e conta cunha dedicación horaria.

Coordinadora: Dona Carme Novoa Casais

Compoñentes:

- Dona Teresa Barrientos Murias
- Dona Nerea Castiñeira Canosa como substituta de Dona Andrea López Barcia
- Dona María del Carmen Lema Blanco
- Dona María Silva Ojeda
- Dona María Costa Pereira

6.6.-Recursos externos

Os recursos externos ao centro con que contamos para cooperar na adquisición dos obxectivos son: as bibliotecas municipais dos concellos de Camariñas e Vimianzo, editoriais, librarías...

7.- INTERVENCIONS A REALIZAR

O Plan Anual de Lectura incorporárase ao Proxecto Educativo, polo que para darlle continuidade é imprescindible a implicación e coordinación de todo o claustro. Ademais, o profesorado deberá formarse permanentemente para adaptarse aos cambios que demanda a sociedade.

7.1.-O EQUIPO DA BIBLIOTECA

- Comprométese a colaborar activamente cos Equipos de Educación Infantil e Primaria para proporcionarlle material didáctico e que podan poñer en prácticas as programacións.
- Colaborará activamente na posta en práctica das actividades de fomento da lectura e da comprensión lectora ao longo de todo o curso.

- Levará a cabo formación dos usuarios da biblioteca de cara ao seu aproveitamento óptimo nas tarefas de busca de información ou lecer.
- Continuará coa xestión e organización dos fondos da Biblioteca Escolar.

7.2.-PROFESORADO

- Incorporará nas súas programacións didácticas diferentes actividades de fomento da lectura e da comprensión lectora.
- Colaborará co Equipo de Dinamización da Biblioteca na posta en práctica das actividades propostas.
- Fomentará o préstamo de fondos da biblioteca.
- Avaliará no seu alumnado a mellora da competencia lectora, o hábito de lectura e o gusto pola mesma.
- Engadirá ao longo de cada xornada lectiva un tempo específico guiado ou autónomo de lectura.

8.- AVALIACIÓN

A avaliación do Plan Anual de Lectura será un proceso continuo e global, no que se terá en conta tanto os avances acadados como as dificultades atopadas, permitindo unha constante readaptación do proceso.

Deste xeito, avaliarase:

- Grao de consecución dos obxectivos
- Grao de adquisición de hábitos e mellora da competencia lectora e da expresión escrita.
- Grao de implicación da comunidade educativa.
- Grao de adquisición de estratexias para a busca de informacións.
- O uso da biblioteca escolar.
- Valoración do clima lector do centro.

Ademais, levarase a cabo unha autoevaluación de:

- A metodoloxía empregada.
- Os materiais e recursos empregados
- A temporalización das actividades
- O uso axeitado dos recursos e das instalacións
- O grao de desenvolvemento das actividades.

- A motivación do alumnado, profesorado e familias.
- A coordinación co equipo docente.

As conclusións da avaliación do Plan Anual de Lectura incluírse na Memoria Xeral Anual, xunto coas propostas de mellora para o vindeiro curso.